

BASES

IX CONCURSO DE PROXECTOS EMPRESARIAIS INNOVADORES DA USC

OBXECTIVO

A Universidade de Santiago de Compostela, a través do seu programa de creación de empresas UNIEMPRENDE, organiza o *IX Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores* co fin de premiar a emprendedores e emprendedoras que presenten proxectos de empresa innovadores.

O obxectivo é impulsar a creación de empresas innovadoras promovidas por estudantes, licenciados e licenciadas ou investigadores e investigadoras, así como a innovación empresarial e a xeración de emprego.

O Concurso rexerase polas seguintes **BASES**

Artigo 1. PARTICIPANTES

O concurso vai dirixido a:

1. Estudantes e titulados e tituladas de calquera das universidades galegas e dos centros asociados da UNED en Galicia, en calquera área de coñecemento (Humanidades, Ciencias da Saúde, Ciencias Xurídicas e Sociais, Ciencias Experimentais e Ensinanzas Técnicas) que, individualmente ou en equipos, teñan un proxecto empresarial innovador con potencialidade para converterse nunha empresa.
2. Doutores e doutoras, doutorandos e doutorandas, persoal de investigación, tesinandos e tesinandas, alumnos e alumnas de terceiro ciclo, etc., que desenvolvan actividades de investigación en calquera centro de investigación galego.
3. Empresas xa constituídas ao longo do ano 2008 por promotores co perfil descrito.

Artigo 2. DOCUMENTACIÓN A PRESENTAR NA SOLICITUDE

As persoas interesadas en participar neste concurso deberán presentar a seguinte documentación:

1. Currículum Vitae dos promotores e promotoras integrantes do proxecto.
2. Memoria descritiva do proxecto, que non deberá superar as 50 páxinas, incluíndo:
 - o Título e descrición detallada do proxecto
 - o Sector ao que se dirixe (características e tendencias)
 - o Produtos ou servizos que se pretenden ofertar
 - o Análise da competencia
 - o Plan comercial e de marketing
 - o Recursos humanos
 - o Plan de investimentos e financiamento
 - o Conta de resultados

Todo isto contemplando un horizonte temporal de 5 anos

O equipo de asesores e asesoras de autoemprego da Universidade de Santiago de Compostela e o persoal de UNINOVA estarán a disposición dos promotores e promotoras para axudalos na elaboración dos proxectos. Os interesados deberán dirixirse ás Areas de Autoemprego nos Campus de Santiago e Lugo ou poñerse en contacto con UNINOVA.

Tamén poderán conseguir un formulario para a elaboración do plan de empresa na páxina web de UNINOVA, <http://www.uninova.org/ga/idea.asp>, seleccionando o enlace "Memoria Descritiva do Proxecto"

No caso de que a Comisión Avaliadora de Proxectos estime necesario solicitar máis información, poñeráo en coñecemento dos participantes para que no prazo de 15 días complete o expediente.

Os proxectos finalistas deberán, cando se lle solicite, entregar:

1. Fotocopia do DNI (ou pasaporte) dos promotores e promotoras.
2. Documentación que acredite a vinculación coa Universidade (carné de Universidade, título, impreso de matrícula, etc.)

Artigo 3. LUGAR DE PRESENTACIÓN DAS SOLICITUDES

A documentación deberá introducirse nun sobre, indicando no mesmo como referencia o **IX Concurso de Proxectos Empresariais Innovadores da USC** e deberá estar dirixido á Vicerreitora de Investigación e Innovación da USC.

Este sobre, debidamente cuberto e pechado, presentarse nos Rexistros Xerais da Universidade de Santiago de Compostela, situados en:

- Campus de Santiago:
 - o Rexistro do Centro de Innovación e Transferencia de Tecnoloxía
Edificio CACTUS
Campus Sur
15706 Santiago de Compostela
 - o Rexistro da Reitoría
Pazo de San Xerome
Praza do Obradoiro
15705 Santiago de Compostela
- Campus de Lugo:
 - Rexistro dos Servizos Centrais do Campus de Lugo
Edificio Biblioteca Intercentros
27002 Lugo

Os proxectos poden tamén ser enviados a calquera destes rexistros por correo certificado con instancia selada pola oficina de Correos.

Artigo 4. PRAZO DE PRESENTACIÓN

O prazo de presentación estará aberto desde o 15 de decembro de 2008 ata o 27 de febreiro de 2009 ás 14.00 horas.

Artigo 5. PREMIOS

Os premios concederanse por proxecto, independentemente do número de participantes no mesmo, e a súa contía será a seguinte:

- PREMIOS BASE TECNOLÓXICA:
 - Primeiro premio: 9.000 euros + ata 24.000 € de financiamento mediante préstamo participativo
 - Segundo premio: 5.000 euros
- PREMIO EMPRESA XOVE: 2.000 euros
- PREMIO MULLER EMPRENDEDORA¹: 2.000 euros
- PREMIO PROXECTO MEDIOAMBIENTAL: 2.000 euros
- PREMIO PROXECTO CON SENSIBILIDADE SOCIAL: 2.000 euros

→ O primeiro premio gañador da sección de base tecnolóxica terá acceso a un préstamo participativo de ata 24.000 € ofrecido por UNIRISCO GALICIA SRC, vinculado á aprobación do Comité de Investimentos.

→ Todos os finalistas do Concurso de Proxectos terán acceso a financiamento a través da Rede de Inversores de UNIBAN .

→ Adicionalmente, os proxectos gañadores terán 3 meses gratis de domiciliación na Incubadora de empresas UNINOVA.

A organización do concurso resérvase o dereito de declarar deserto un ou varios premios, se os proxectos non reúnen as condicións necesarias para

¹ A maior parte do capital social da empresa ten que ser propiedade dunha ou varias mulleres. É preciso presentar un documento oficial acreditativo desta circunstancia unha vez constituída a empresa.

ser premiados, ou no seu caso ampliar os premios concedendo os accésits que considere oportuno.

Artigo 6. XURADO

Estará composto por representantes da USC e das entidades colaboradoras. A súa composición publicárase nos taboleiros de anuncios dos rexistros no Campus de Santiago: Rexistro do edificio CACTUS- planta baixa e no Campus de Lugo: Servizos Centrais. Edificio Biblioteca Intercentros.

Criterios de valoración:

Os criterios de valoración que se terán en conta son os seguintes:

- Viabilidade do proxecto
- Grao de innovación do produto, proceso ou servizo.
- Volume de emprego proxectado
- Carácter multidisciplinar do equipo de promotores
- Ter en conta as políticas de igualdade

Artigo 7. PAGAMENTO

Unha vez fallado o premio, os gañadores terán un prazo de 6 meses para presentar a seguinte documentación, imprescindible para o libramento dos premios:

- Fotocopia da escritura de constitución da empresa inscrita no Rexistro Mercantil.
- Fotocopia da tarxeta do CIF da nova empresa e domicilio social
- Número de conta bancaria da empresa (20 díxitos)
- Facturas que xustifiquen os gastos de inicio de actividade e funcionamento da empresa.

A devandita documentación será presentada en Uninova (Polígono do Tambre, Vía la Cierva s/n, 15890 Santiago de Compostela). De non presentarse a documentación completa en prazo entenderase que o gañador renuncia ao premio.

Existe a posibilidade de, previa autorización da Universidade de Santiago de Compostela, percibir o pago do premio contra a xustificación de gastos previos á constitución da empresa que sexan necesarios para profundar na viabilidade de proxecto.

Artigo 8. CONFIDENCIALIDADE

A USC comprométese a gardar confidencialidade sobre os datos e proxectos aportados polos participantes que non foran premiados. Toda vez que o xurado efectúe o seu fallo, poderanse difundir as características xerais dos proxectos gañadores así como o nome dos seus promotores.

Establécese un prazo de 2 meses, a partires da data do fallo, para a retirada da documentación aportada. Transcorrido este período, a documentación destruírase.

Artigo 9 ACEPTACION DAS BASES

A presentación ao concurso implica a **plena aceptación da totalidade das súas bases e do fallo do xurado**.

A organización do concurso resérvase o dereito a declarar deserto un ou varios premios, no caso de que os proxectos non reúnan as condicións necesarias para ser premiados, así como de ampliar os premios concedendo os accésits que considere oportunos.

Non poderán presentarse a este concurso, nin directamente nin a través de familiares, o persoal dalgunha das entidades relacionadas co Programa UNIOEMPRENDE da Universidade de Santiago de Compostela.

PARA MÁIS INFORMACIÓN:

- En Santiago de Compostela

UNINOVA

Tel. 981 51 96 00

info@uninova.org

<http://www.uninova.org>

SAEE (Servizos de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego)

Área de Autoemprego da USC

Tel. 981 56 31 00 Ext. 12852/12853

- En Lugo

SAEE (Servizos de Apoio ao Emprendemento e ao Emprego)

Área de Autoemprego da USC

Tel. 982 28 59 00 Ext. 22860